

## Anuncio

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 12 DE XULLO DE 2024 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

*Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

*1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de maquinista-condutor/a, grupo C -subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

*2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020, e corrección de erros aprobada na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 e publicada no BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal), apartado emprego público-RRHH-selección temporal.*

*3º Que a presente convocatoria se rexa polas bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro, aprobadas en Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2024 e publicadas no BOP num. 151, do 01 de xullo de 2024, así como na web corporativa [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal), apartado emprego público-RRHH-selección temporal.*

*4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*


*5º Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

*6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”*

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 17-07-2024  
ata a día 01-08-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

PO. 

Lugo, 15 de xullo de 2024.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2135

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 17-07-2024  
ata a día 01-08-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  
